CIUG COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA

PAU **CÓDIGO 80**

Convocatoria extraordinaria 2026

ANÁLISE MUSICAL II

O exame consta de **4 preguntas obrigatorias**: a 1 e 2, de 3 puntos; a 3 e 4, de 2 puntos. A primeira, con resposta única aberta; a segunda e a terceira, con posibilidade de elección entre varias respostas correctas; a cuarta, con posibilidade de elección entre termos.

PREGUNTA 1. TÉCNICAS DE ANÁLISE MUSICAL / XÉNEROS MUSICAIS. (3 puntos)

Os responsables da páxina web do Instituto propoñen preparar uns **podcasts** para unha sección de «Divulgación musical». Cada podcast consistirá na audición e o comentario dunha obra, e incluirá a súa descrición formal, e a relación co contexto social e estilístico do seu momento. A vostede encárganlle un destes podcasts, para o que deberá **redactar un texto**, cunha extensión máxima de 400 palabras (dúas páxinas), a partir da seguinte audición e fragmento da partitura, de dominio público.

F. CHOPIN. Nocturno



PREGUNTA 2. TÉCNICAS DE ANÁLISE MUSICAL. (3 puntos)

Ao fío da iniciativa anterior, a profesora de música, aproveitando o traballo feito por vostede e o seu coñecemento da obra, pídelle que, a partir da partitura da que dispón, exemplifique para toda a clase elementos técnicos constitutivos desta. Debe **marcar na partitura**, redondeando cun círculo, os elementos de que se trate (notas, grupos de notas, frases etc.) e **identificar eses elementos**, coas iniciais que se indican entre parénteses en cada caso:

1. Unha indicación agóxica (A)
2. Un intervalo melódico de sexta maior no primeiro sistema, man dereita (6M)
3. Unha escala cromática na man dereita (Cr)
4. Un tema A e un tema B, diferenciados, na man dereita (A, B)
5. Unha cadencia V-I nos primeiros catro compases (V-I)
6. Indique ao inicio da obra a tonalidade principal da mesma

PREGUNTA 3. XÉNEROS MUSICAIS. (2 puntos)

A profesora propón un exercicio no que un alumno fai unha **presentación á clase** para describir un xénero musical. Este que segue é o texto da presentación. Subliñe nel **dúas informacións ou datos erróneos** e aclare cal sería a información correcta, de ser o caso.

> *O desenvolvemento da reforma luterana implicou importantes novidades no ámbito da música relixiosa. Quizais o máis notorio foi o cambio do latín ás linguas locais, e a participación directa dos fieis na música da liturxia, o que favoreceu notablemente a aprendizaxe e a práctica musical* amateur *nos lugares onde a reforma foi maioritaria. Alemaña foi un deses lugares destacados, xunto con Italia. Compositores como J. S. Bach desenvolveron unha prolífica actividade no ámbito da música litúrxica luterana, así na música instrumental para o servizo, como na música vocal, destacando o xénero da cantata, tanto polo número de obras como pola súa calidade e difusión en igrexas e teatros de ópera, o que facilitaba a súa posta en escena con decorados e vestiarios. A estrutura da cantata elabórase mediante a alternancia de diversos números que poden combinar coros, arias, recitativos e danzas. Similar á cantata é o oratorio, pero neste caso existe un fío narrativo que desenvolve un argumento moitas veces de carácter sacro, e a súa interpretación estaba normalmente vencellada a momentos concretos do ano litúrxico, como o Nadal ou a conmemoración da Paixón de Cristo.*

PREGUNTA 4. TÉCNICAS DE ANÁLISE MUSICAL. (2 puntos)

Escolla dous de entre estes catro termos: 1. **Baixo cifrado**, 2. **Romance**, 3. **Melodía acompañada**, 4. ***Villancico***. Describa en 2-4 liñas o significado de cada un deles e explique a relación que hai entre os dous termos escollidos.

CIUG COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA

PAU **CÓDIGO 80**

Convocatoria extraordinaria 2026

ANÁLISIS MUSICAL II

El examen consta de **4 preguntas obligatorias**: la 1 y la 2, de 3 puntos; la 3 y la 4, de 2 puntos. La primera, con respuesta única abierta; la segunda y la tercera, con posibilidad de elección entre varias respuestas correctas; la cuarta, con posibilidad de elección entre términos.

PREGUNTA 1. TÉCNICAS DE ANÁLISIS MUSICAL / GÉNEROS MUSICALES. (3 puntos)

Los responsables de la página web del Instituto proponen preparar unos **podcasts** para una sección de «Divulgación musical». Cada podcast consistirá en la audición y el comentario de una obra, e incluirá su descripción formal, y la relación con el contexto social y estilístico de su momento. A usted le encargan uno de estos podcasts, para lo cual deberá **redactar un texto,** con una extensión máxima de 400 palabras (dos páginas), a partir de la siguiente audición y fragmento de la partitura, de dominio público.

F. CHOPIN. Nocturno



PREGUNTA 2. TÉCNICAS DE ANÁLISIS MUSICAL. (3 puntos)
Al hilo de la iniciativa anterior, la profesora de música, aprovechando el trabajo hecho por usted y su conocimiento de la obra, le pide que, a partir de la partitura de la que dispone, ejemplifique para toda la clase elementos técnicos constitutivos de esta. Debe **marcar en la partitura,** redondeando con un círculo, los elementos de que se trate (notas, grupos de notas, frases, etc.) e **identificar esos elementos**, con las iniciales que se indican entre paréntesis en cada caso:

1. Una indicación agógica (A)
2. Un intervalo melódico de sexta mayor en el primer sistema, mano derecha (6M)
3. Una escala cromática en la mano derecha (Cr)
4. Un tema A y un tema B, diferenciados, en la mano derecha (A, B)
5. Una cadencia V-I en los primeros cuatro compases (V-I)
6. Indique al inicio de la obra la tonalidad principal de la misma

PREGUNTA 3. GÉNEROS MUSICALES. (2 puntos)
La profesora propone un ejercicio en el que un alumno hace una **presentación a la clase** para describir un género musical. Este que sigue es el texto de la presentación. Subraye en él **dos informaciones o datos erróneos** y aclare cuál sería la información correcta, de ser el caso.

> *El desarrollo de la reforma luterana implicó importantes novedades en el ámbito de la música religiosa. Quizás el más notorio fue el cambio del latín a las lenguas locales, y la participación directa de los fieles en la música de la liturgia, lo que favoreció notablemente el aprendizaje y la práctica musical* amateur *en los lugares donde la reforma fue mayoritaria. Alemania fue uno de esos lugares destacados, junto con Italia. Compositores como J. S. Bach desarrollaron una prolífica actividad en el ámbito de la música litúrgica luterana, así en la música instrumental para el servicio, como en la música vocal, destacando el género de la cantata, tanto por el número de obras como por su calidad y difusión en iglesias y teatros de ópera, lo que facilitaba su puesta en escena con decorados y vestuarios. La estructura de la cantata se elabora mediante la alternancia de diversos números que pueden combinar coros, arias, recitativos y danzas. Similar a la cantata es el oratorio, pero en este caso existe un hilo narrativo que desarrolla un argumento muchas veces de carácter sagrado, y su interpretación estaba normalmente vinculada a momentos concretos del año litúrgico, como la Navidad o la conmemoración de la Pasión de Cristo.*

PREGUNTA 4. TÉCNICAS DE ANÁLISIS MUSICAL. (2 puntos)
Escoja dos de entre estos cuatro términos: 1. **Bajo cifrado**, 2. **Romance**, 3. **Melodía Acompañada**, 4. **Villancico**. Describa en 2-4 líneas el significado de cada uno de ellos y explique la relación que hay entre los dos términos escogidos.